# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP das FONTIÑAS
CURSO: 5º EP e 6º EP
MATERIA: ART & CRAFT Sección bilingüe (Plástica)
DEPARTAMENTO:
DATA: 9 de maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| ART & CRAFTS 5º EP **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Exploración das posibilidades expresivas da liña segundo a forma, a dirección, a situación espacial e a sensación de movemento e de repouso. | Debuxa aspectos da vida cotiá.<br>Representa a figura humana, animais, plantas, obxectos... |
| Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, folletos etc.) | Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. |
| Imaxinar, debuxar e elaborar , con diferentes materiais | Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.<br><br>Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición.<br><br>Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras. |
| Representar, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. | Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.<br>Realiza bocetos previos que lle axuden a facer o debuxo.<br>Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción. |
| Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas. | Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.<br><br>Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material. |
| Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación. | Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.<br><br>Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.<br><br>Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades. |
| **Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.** | Manexa con soltura a regra.<br>Utiliza o trazado de rectas paralelas. |
| Construir un obxecto tridimensional empregando recorte, dobrado, encartado e pegado. | Realiza unha tarxeta de felicitación en 3D. |
| Coñecer a roda da cor. | Distingue as cores primarias.<br>Realiza mesturas para obter as cores secundarias.<br>Realiza mesturas para obter as cores terciarias.<br>Realiza composicións plásticas baseadas na roda da cor, paisaxes, bodegóns... |

| 5º EP ART & CRAFTS Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos e instrumentos para a 1ª e 2ª avaliación**<br><br>- Recollida, rexistro e calificación semanal da tarefa traballada a semana anterior.<br>- Observación directa do alumnado na aula, valoración dos seguintes aspectos:<br>- Ter o material solicitado necesario para o desenvolvemento da clase do día.<br>- Ter entregada a tarefa encargada a semana anterior.<br>- Amosar interese e aplicación durante a clase.<br>- Coidar o material empregado.<br>- Recoller e limpar o lugar de traballo ao remate da sesión. |
| | Referidos ao confinamento, 3ª avaliación:<br>Durante o confinamento non lles puxen tarefas de Plástica, só voluntarias na web do colexio. |
| **Cualificación final** | Terei en conta unicamente os resultados das dúas primeiras avaliacións; a media farase otorgándolle un 40% da nota total á 1ª avaliación e un 60% á 2ª avaliación. |

| 6º EP ART & CRAFTS Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores. | Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.<br>Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.<br>Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.<br>Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos. |
| Secuenciar unha historia con imaxes e textos explicativos. | Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic. |
| Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista. | Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.<br>Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).<br>Realiza debuxos realistas a lapis de partes do rostro humano.<br>Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.<br>Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.<br>Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.). |
| Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado. | Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas iniciándose na aplicación e difuminado das sombras.<br>Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.<br>Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais. |

| | |
|---|---|
| | Realiza unha composición artística empregando cereais e sementes de diverso tipo. |
| Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as. | Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.<br>Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.<br>Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.<br>Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades. |

| **5º EP art & CRAFTS Avaliación e cualificación** | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos e instrumentos para a 1ª e 2ª avaliación**<br><br>- Recollida, rexistro e calificación semanal da tarefa traballada a semana anterior.<br>- Observación directa do alumnado na aula, valoración dos seguintes aspectos:<br>- Ter o material solicitado necesario para o desenvolvemento da clase do día.<br>- Ter entregada a tarefa encargada a semana anterior.<br>- Amosar interese e aplicación durante a clase.<br>- Coidar o material empregado.<br>- Recoller e limpar o lugar de traballo ao remate da sesión. |
| | Referidos ao confinamento, 3ª avaliación:<br>Durante o confinamento non lles puxen tarefas de Plástica, só tarefas voluntarias na web do colexio. |
| **Cualificación final** | Terei en conta unicamente os resultados das dúas primeiras avaliacións; a media farase otorgándolle un 40% da nota total á 1ª avaliación e un 60% á 2ª. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Páxina web do centro |
| **Publicidade** | Páxina web do centro. |